



Referencia: 252/2022

Data: 27 de xuño de 2022

Asunto: NOTIFICACION SECRETARIO CMD CR - FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS G15109267

Destinatario: FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS

NOTIFICACIÓN

Por medio do presente escrito notifícolle para o seu coñecemento que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense, na sesión ordinaria que tivo lugar o 23/06/2022, tomou, entre outros, o acordo que de seguido se reproduce na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

Primeiro.-Aprobar a subvención o club FEDERACIÓN GALLEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS, con CIF: G15109267 para o CAMPIONATO DE GALICIA DE JIU-JITSU "TROFEO CIDADE DE OURENSE", da subvención LIÑA 1/ANO 2022 Exp.252/2022 por importe de 2.500,00€, con cargo a partida 3410-48010 dos orzamentos do Consello Municipal vixentes para 2022

Segundo.- Comunicar o presente acordo ao interesado e proceder ao libramento dos fondos comprometidos.

RÉXIME DE RECURSOS.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 3LW54J4M02HPFYHDJ563ZGN33 | Corrección: <https://deportesourense.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1